

Autor: **ALBERTO SEBASTIÁN**

Ilustrador: **CARLES ARBAT**

Tradución: **MAITE GARCÍA**


Encadernado en cartón. 22x22 cm.

40 páxinas. Ilustracións a toda cor.

Dispoñible en:

- Galego: "Capitán Calabrote"
Demademora. ISBN 978-84-8464-107-0
- Castelán: "Capitán Calabrote"
Libros para Soñar. ISBN 978-84-8464-122-3
- Euskera: "Bizarbeltz Kapitaina"
Ametz egiteko liburuak. ISBN 978-84-8464-148-3

Prezo: 13 €



CAPITÁN CALABROTE

PROGRAMA NACIONAL DE LECTURA-MÉXICO, 2005

O capitán Calabrote vivía tranquilamente, retirado na illa deserta onde tiña enterrado o seu tesouro. Un día apareceu un visitante inesperado: outro vello e temible pirata escollera o mesmo territorio para agachar o seu cofre...

Hai piratas aos que as circunstancias lles fan difuminar o seu pasado terrible para acabar converténdose en seres amables e de nobres sentimentos. Piratas nostáxicos como Calabrote protagonizan esta entrañable historia.

O autor emprega un rexistro moi adecuado para os primeiros lectores, que ao final do libro atopan unha celebración da amizade e un canto ao afecto. A sinxeleza da narración complementase cunha recreación plástica da natureza como espazo mítico de aventuras e fermoso escenario ideal de liberdade.

ALBERTO SEBASTIÁN (Santander, 1969)

Diplomado en Maxisterio. Dende 1992 adícase a realizar actuacións de títeres e teatro infantil ("La Maleta de Mariano") e de narración oral para todo tipo de públicos e en todo tipo de espazos; tamén imparte obradoiros, charlas e cursos, ademais de traballar en actividades de animación á lectura. Actualmente está centrado na narración de contos e colaba co grupo de teatro "La Machina", de Santander.

CARLES ARBAT (Besanó, Girona, 1973)

Graduado en deseño gráfico na Escola d'Art de Olot, adícase á ilustración, a súa verdadeira vocación. Os seus traballos centráronse nos eidos editorial e gráfico, aínda que realizou diversas incursións na publicidade. Ilustrou libros de texto, obras para adultos e para o público infantil e xuvenil. Tamén colaborou con revistas como Delibros e CLIJ.

Para este artista, a ilustración "é unha forma de aprender, expresar a túa opinión e interpretar o mundo que te rodea dende diferentes perspectivas; converter a ficción en realidade ou á inversa". A súa debilidade son os libros infantís, aos que se refire como "páxinas cheas de cor e personaxes surrealistas que se moven como tolos entre as letras dunha historia increíble... que enchen os ollos de persoas que aínda cren nas fadas". KALANDRAKA publicou outros dous álbums ilustrados por él, titulados "Dinosaurio Belisario" e "Barbazul".

Ao longo da súa traxectoria recibiu diversos galardóns, como o Premio Lazarillo 2002. A súa obra expúxose en diversas mostras individuais e colectivas en escolas de arte, centros cívicos, dependencias municipais e casas de cultura.



- **Temática:** Amizade, natureza, aventuras
- **Idade recomendada:** primeiros lectores
- **Aspectos destacables:** recreación plástica da natureza como espazo de aventuras e liberdade
- **Aplicacións:** escrita creativa, descrición de lugares e persoas